



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O
DÍA VINTE E DOUS DE DECEMBRO DO DOUS MIL OITO.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz, D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

AUSENCIAS

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e dous de decembro do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declarase aberto o mesmo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS: EXTRAORDINARIA DO DÍA 14, ORDINARIA DO 24 E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 28 DE NOVEMBRO DO 2008.

- EXTRAORDINARIA DO DÍA 14-11-08:

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 14 de novembro de 2008, producíndose unha puntualización polo voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias que di que na páxina 3, parágrafo 3º, na liña 7^a, onde di “un incremento bimensual ou trimestral por enriba do 2,5 %” a de dicir: “un incremento por enriba do 2,5%”.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda prestar aprobación á citada acta.

- ORDINARIA DO 24-11-08:

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntasellos aos Corporativos se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de



2008, e non producíndose ningunha intervención, o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete), acorda aprobar a dita acta.

- **EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 28-11-08:**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntaselles aos Corporativos se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 28 de novembro de 2008, e non producíndose ningunha intervención, o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos membros presentes (dezasete), acorda aprobar a dita acta.

2º.- MOCIÓN DO PS DE G-PSOE SOBRE APOIO DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS DO CONGRESO DOS DEPUTADOS AO R.D. LEI 9/2008, DE 28 DE NOVEMBRO, SOBRE O FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas sinálase que ao Concello de Viveiro correspondenlle do Fondo Estatal de Investimento Local 2.776.000 euros, e que si as cousas non van mal para o próximo ano vaise impulsar por parte do Estado que as inversións se realicen pola Administración máis cercana ao ciudadán.

Aberta a quenda de intervención prodúcense as seguintes:

A do voceiro do PS de G.-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que di que van a aprobar a Moción e piden que haxa máis diñeiro.

A do voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias que di que o seu Grupo considera que ao atoparse dictaminada esta cuestión no Congreso dos Diputados, con data 11 de decembro, manterán a postura do seu Grupo no Congreso, que é a da abstención.

Polo concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta se manifesta a seu apoio á Moción.

A do concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que expon que vai votar a favor da Moción aínda que dí engadiría outro punto á mesma, no senso de que en anos sucesivos se sega con este Fondo para os Concellos.

Polo Sr. alcalde se acepta a inclusión da emenda do concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño.

Porcédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por maioría de dez votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e sete abstencions (PP), acorda aprobar a moción coa emenda do concelleiro de IU-EU.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España aprobou o 28 de novembro de 2008 o Real Decreto-Lei 9/2008, polo que se crean o Fondo Estatal de Investimento Local e o Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego, aprobándose créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento.

As medidas contidas nesta norma avogan pola aplicación de políticas activas como instrumento para fazer fronte ao desemprego como principal problema dos cidadáns españois e enmárcanse nas liñas de actuación fixadas no recente Cumio sobre Mercados Financieros e Economía Internacional celebrado en Washington e no Plan Europeo de Recuperación Económica, aprobado pola Comisión.

A aprobación do Real Decreto-Lei 9/2008 supón unha aposta decidida pola autonomía municipal e a capacidade dos Concellos para crear emprego e dinamizar a economía en cidades e municipios.

Para impulsar a recuperación económica e a creación de emprego desde os Concellos, o Goberno de España creou un Fondo de Investimento Municipal dotado con 8.000 millóns de euros para a realización de actuacións urxentes xeradoras de emprego.

A través do Fondo, poderanse financiar Proxectos orientados á mellora das dotacións municipais e infraestructuras, tanto produtivas como de utilidade social.

Ademais este Fondo repercutirá positivamente na viabilidade e capacidade de creación de emprego das pequenas e medianas empresas con actividade relacionada coa construción.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que se adopte os seguintes **ACORDOS**:

1. Instar a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados para que voten a favor da Validación do Real Decreto-Lei sobre o Fondo Estatal de Investimento Local, que ten por obxecto promover a realización de obra pública e de investimentos xeradores de emprego por parte dos Concellos, co fin de contribuír á reactivación da economía española no 2009.
2. Solicitar que nos anos sucesivos se continúe co este Fondo Estatal de Investimento Local”

3º.- MOCIÓN DO BNG, RELATIVA A INCLUSIÓN DE OBRAS NO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas se lle outorga o uso da palabra ao Concelleiro propoñente da Moción.

Polo concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta se indica que, consultados os servizos xurídicos do Concello na persoa da Secretaria municipal, en relación coa petición do BNG de incluir na relación de obras do investimento do Fondo estatal a rehabilitación do barrio do Celeiriño, que segundo informa a Secretaria, non podería incluirse por tratarse de propiedades privadas e o saneamento dese Barrio, que áinda que polo obxecto se podería incluir, non polas datas; é polo que retira a Moción desta sesión.

E o Pleno da Corporación acorda quedar informado da retirada da Moción e das razóns que a motivan.

4º.- MOCIÓN DO PP RELATIVA A XESTIÓNS ENCAMIÑADAS A ADQUISICIÓN, SE PROCEDE, DO PAZO DE GRALLAL.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas outórgase o uso da palabra ao voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que indica que o Pazo de Grallal é do século XVI, e que pola súa situación e dimensións podería ser importante para o Patrimonio municipal; instando ao Grupo de Goberno para que se realicen as xestións necesarias de cara á súa adquisición, ademais de realizar os trámites oportunos coa Administración Autonómica.

O Sr. Alcalde-presidente, di que o PS de G-PSOE vai votar a favor de dita Moción, admita ou non o Grupo do PP a proposta que vai facer a seguir e que consiste: en que a Consellería de Cultura realice o inventario do arquivo existente no Pazo. Polo que solicitan ao Grupo do PP o apoio a esa proposta e o felicitan pola Moción presentada.



O Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta amósase a favor da Moción do PP.

O Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño dí que vai votar a favor da Moción xa que cre que todos os inmobilés dese carácter debería tratar de adquirilos as Administracións para evitar expeculacións.

En contestación o Voceiro do PP, Sr. Leal Arias dí que admiten a emenda feita polo Sr. Alcalde xa que consideran favorable todo o que sexa en benefizo da xestión da cultura, polo que consideran de interese que se consiga o fin proposta na Moción.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar a Moción coa emenda de que pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia se realice o inventario do arquivo existente no Pazo Grallal.

“MOCIÓN DO PP.”

“Non é a primeira vez que o noso grupo trae ao Pleno da Corporación a problemática do Pazo de Grallal, e dado que para o patrimonio histórico e cultural do municipio e sobre todo para a Parroquia de San Xoan de Covas, e de gran transcendencia que este recinto pase a formar parte do patrimonio municipal, é polo que novamente traemos ó Pleno para o seu debate e aprobación.

De todos e coñecido que o Pazo do Grallal foi construído no século XVI, e foi o mesmo donde en 1810 acolleu e socorreu aos supervivientes dos tráxicos naufraxios do Bergantín Palomo e da Fragata Magdalena.

Este Pazo, alberga un dos arquivos más importantes de Galicia, en donde se garda unha gran parte da historia de Viveiro e da provincia de Lugo, ademais doutros valores históricos e artísticos, de gran riqueza cultural, polo que sería dunha gran irresponsabilidade que unha parte deste importante legado puidese desaparecer.

Por outra banda, o Pazo é de gran valor pola súa antigüidade, consta dunha finca cerrada cunha extensión de terreo apreciable (sobre hectárea e media), e sobor de todo considerando o seu emprazamento e así como a súa capela a carón do Pazo, e tamén de importante valor pola vinculación de ámbalas edificacións.

Por todo elo é polo que o Grupo Municipal Popular, solicita ó Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes puntos:

1. Que o Concello de Viveiro, a través dos membros da Comisión de Cultura, faga as xestións necesarias cos herdeiros, encamiñadas a coñecer as pretensións dos mesmos, coa finalidade de poder adquirir o Pazo de Grallal.
2. Unha vez coñecidas as cifras, realizar as correspondentes xestións coas administracións, estatal, autonómica e provincial ó obxecto de lograr a adquisición de dito Pazo para o noso patrimonio municipal.

5º.- SOLICITUDE DE FINANCIACIÓN DE PROXECTOS CON CARGO AO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL DO R.D. LEI 9/2008, DE 28 DE NOVEMBRO.

5.1.- APROBACIÓN DE PROXECTOS DAS DITAS OBRAS.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Melchor Roel Rivas enuméranse as actuacións que se pretendan solicitar ao Fondo Estatal de Investimento Local, indicando que as obras do contorno de San



Francisco xa executadas, unicamente alcanzaron para o estudo arqueolóxico; comprobándose neste que anteriormente outras obras executadas violentaran un filón arqueolóxico. Seguidamente se refire ás obras do Parque “Pernas Peón” coa reforma do estanque e a reforma do Parque Infantil.

Salienta finalmente o apoio do Goberno Central ás Administracións Locais, indicando que en Viveiro calcula unha inversión duns 3.000.000 de euros do Fondo Estatal Especial, ademais do importe a que se refire o presente punto da Orde do día, co que a inversión estatal neste Concello superaría os 5.000.000 de euros.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A do voceiro do PS de G.-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor que da conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, celebrada o día 18 de decembro, ao listado de inversións propostas polo Concello, e que él cre que as inversións son equilibradas, xa que teñen en conta a todas as parroquias para finalizar dicindo que se alegra especialmente da inclusión dunha partida para a remodelación dun centro cultural na Praza Maior de Viveiro, co que dí queda claro que é o Concello o que se vai beneficiar desta instalación, que non responde a intereses particulares.

O Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias di que sen entrar a comentar as últimas palabras ditas polo voceiro do PS. de G.-PSOE, xa que entende que no Concello se están a tratar asuntos de interese xeral; sinala que o importante deste Plan son as obras que se executaran, aínda que estes fondos veñan do Estado para paliar unha situación de crise, e aínda que con estas medidas non se logre superar enteramente, pero si dí van a mellorar as infraestructuras. A seguir, manifesta que o PP propuxo unhas actuacións que non se aceptaron, que eran alumeados, saneamentos, etc., pero que non van a debatir sobre o máis conveniente para cada parroquia, lembrando finalmente que os prazos do Real Decreto Lei 9/2008 son moi breves, polo que pide un esforzo na tramitación e unha celeridade para que non se sobrepasen do seu termo e se perda a financiación deste Plan, tal e como se establece no art. 10 do dito R.D.L.

O Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta comeza a súa intervención aclarando a súa abstención na Comisión Informativa de Urbanismo, motivada nas razóns que deu nesta mesma sesión para a retirada da súa Moción, xa que ata que non se lle confirmou pola Secretaria municipal que non se podían financiar as obras que propoñía con cargo ao Fondo Estatal, descoñecía ese extremo.

A seguir di, que na medida do posible das reunións que teña a Alcaldía cos veciños das parroquias, se faga posteriormente unha sesión da Comisión Informativa para un seguimiento de temas como o refirido ás políticas de emprego.

O Concelleiro de IU.-EU, D. Orlando Expósito Mariño di que vai a aprobar a proposta da Alcaldía, pero considera que non estaría de máis fixar criterios polo que respecta á inserción de desempregados.

O Sr. Alcalde en contestación ás intervencións di que na maior parte das obras que se proponen, a Xunta de Goberno era competente para aprobar as solicitudes, e que eles trouxeron ao Pleño toda da proposta, polo que non está disposto a montar unha Comisión de Seguimento, xa que será a Comisión Informativa de Obras ou a Xunta de Voceiros as que teñan coñecemento desta tramitación; congratulándose finalmente de que existe unanimidade para aprobar esta proposta, xa que considera que é claro o interese de primar a zona rural de Viveiro.



Pola Secretaria do Concello, Dª. Sara Martínez Álvarez, se solicita intervir para puntualizar á Corporación que, en cumprimento do art. 5.2 b) do R.D.L. 9/2008, de 28 de novembro, para a tramitación destas solicitudes o Pleno da Corporación, no caso das obras cuxos orzamentos superen o 10% dos recursos ordinarios do Presuposto municipal que son seis das que figuran na relación, deberá aprobar nunha sesión plenaria a Memoria explicativa do proxecto de inversión e demás esixencias contidas no artigo citado. Que no resto das actuacións que non acadan esa contía será a Xunta de Goberno a que deba aprobar toda esa documentación, xa que do contrario non se poderá formalizar a solicitude, que lembra, ten un prazo que finaliza o día 24 de xaneiro.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos ssesus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o listado das actuacións que a seguir se relacionan:

R.D. LEI 9/2008 POR EL QUE SE CREA UN FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL

| PARROQUIA | NOMBRE DEL PROYECTO DE INVERSIÓN | TIPOLOGIA DE LA ACTUACION | PRESUPUESTO DE LA OBRA PROYECTADA (SIN IVA) | IMPUESTOS | SUMA | PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN PREVISTO |
|-----------|--|--|---|-------------|--------------|--|
| CELEIRO | PAVIMENTACIÓN Y SERVICIOS EN EL CAMINO DE ACCESO A ATALAYA-CELEIRO | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 52.742,08 € | 8.438,73 € | 61.180,81 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| CELEIRO | REGENERACIÓN DEL ENTORNO DEL PARQUE INFANTIL DE LAVANDEIRAS - CELEIRO | ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE ENTORNOS O ESPACIOS PÚBLICOS URBANOS, ASI COMO DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL | 51.724,14 € | 8.275,86 € | 60.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| CELEIRO | REMATE DE OBRAS DEL CENTRO SOCIOCULTURAL DE CELEIRO (CASA DO FORNO) | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANATORIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 181.034,48 € | 28.965,52 € | 210.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDAD |
| CELEIRO | SANEADO DE LA CUBERTA Y DOTACIÓN DE VESTUARIOS EN EL PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE CELEIRO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANATORIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 111.206,90 € | 17.793,10 € | 129.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| CELEIRO | CREACIÓN DE TEMPLETE DE ABRIGO EN EL CEMENTERIO PARROQUIAL DE CELEIRO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITA- | 25.862,07 € | 4.137,93 € | 30.000,00 € | CONTRATO MENOR |



| | | | | | | |
|---------|---|--|--------------|-------------|--------------|--|
| | | RIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | | | | |
| CELEIRO | REFUERZO DEL ALUMBRADO PÚBLICO EN CELEIRO | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 43.103,45 € | 6.896,55 € | 50.000,00 € | CONTRATO MENOR |
| VIVEIRO | REFORMA DEL ENTORNO DE LA IGLESIA DE SAN FRANCISCO | CONSERVACIÓN DEL PATRIMONIO MUNICIPAL Y PROTECCIÓN Y CONSERVACIÓN DEL PATRIMONIO HISTÓRICO DEL MUNICIPIO | 77.586,21 € | 12.413,79 € | 90.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| VIVEIRO | ACONDICIONAMIENTO CENTRO CULTURAL PRAZA MAYOR DE VIVEIRO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 77.586,21 € | 12.413,79 € | 90.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| VIVEIRO | ACONDICIONAMIENTO Y MEJORA DEL ENTORNO DEL JARDÍN DE SAN LÁZARO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 68.618,27 € | 10.978,92 € | 79.597,19 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| VIVEIRO | PAVIMENTACIÓN Y SERVICIOS EN LA CALLE PASTOR DÍAZ DE VIVEIRO | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 344.827,59 € | 55.172,41 € | 400.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDAD |
| COVAS | REFORMA DEL ESTANQUE Y MEJORA DEL PARQUE INFANTIL EN EL PARQUE MUNICIPAL PERNAS PEÓN | ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE ENTORNOS O ESPACIOS PÚBLICOS URBANOS, ASI COMO DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL | 103.448,28 € | 16.551,72 € | 120.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| COVAS | CUBRICIÓN DE GRADAS Y REFORMA DE VESTUARIOS DEL ESTADIO MUNICIPAL DE CANTARRANA | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 51.724,14 € | 8.275,86 € | 60.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| COVAS | PAVIMENTACIÓN Y SERVICIOS DE LAS ACERAS ENTRE LA CAPILLA DEL ECCE-HOMO Y LA AVDA. DE CANTARRANA | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 215.517,24 € | 34.482,76 € | 250.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDAD |



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

SECRETARÍA

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

| | | | | | | |
|------------|---|--|--------------|-------------|--------------|--|
| COVAS | ACONDICIONAMIENTO DEL ENTORNO DEL CAMPING MUNICIPAL DE VIVEIRO | ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE ENTORNOS O ESPACIOS PÚBLICOS URBANOS, ASI COMO DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL | 94.827,59 € | 15.172,41 € | 110.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| ESCOU-RIDO | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES EN EL BARRIO DE ESCOURIDO | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 34.482,76 € | 5.517,24 € | 40.000,00 € | CONTRATO MENOR |
| GALDO | CREACIÓN DE UN CENTRO SOCIOCULTURAL EN GALDO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 120.689,66 € | 19.310,34 € | 140.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| XUNQUEI-RA | PAVIMENTACIÓN Y SEVICIOS EN LAS CASAS SOCIALES DE MAGAZOS | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 94.827,59 € | 15.172,41 € | 110.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| XUNQUEI-RA | CREACIÓN DE LA RUTA DE SENDERISMO "MUIÑOS DE BALEA" | DESTINADAS A LA PROMOCIÓN DEL TURISMO | 17.241,38 € | 2.758,62 € | 20.000,00 € | CONTRATO MENOR |
| MAGAZOS | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES EN LA PARROQUIA DE MAGAZOS | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 72.198,28 € | 11.551,72 € | 83.750,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| LANDRO-VE | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN Y MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS EN LA PARROQUIA DE LANDROVE | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 72.198,28 € | 11.551,72 € | 83.750,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| SAN PE-DRO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN Y MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS EN LA PARROQUIA DE SAN PEDRO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 72.198,28 € | 11.551,72 € | 83.750,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| BOIMENTE | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES EN LA PARROQUIA DE BOIMENTE | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICA- | 72.198,28 € | 11.551,72 € | 83.750,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |



| | | CIONES | | | | |
|-----------|--|--|-------------|-------------|-------------|--|
| VALCARRIA | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES EN LA PARROQUIA DE VALCARRIA | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 72.198,28 € | 11.551,72 € | 83.750,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| CHAVIN | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES EN LA PARROQUIA DE CHAVÍN | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 72.198,28 € | 11.551,72 € | 83.750,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| VIEIRO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN Y MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS EN LA PARROQUIA DE VIEIRO | CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN, REHABILITACIÓN O MEJORA DE EDIFICIOS Y EQUIPAMIENTOS SOCIALES, SANITARIOS, FUNERARIOS, EDUCATIVOS, CULTURALES Y DEPORTIVOS | 72.198,28 € | 11.551,72 € | 83.750,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| FARO | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES EN LA PARROQUIA DE FARO | EQUIPAMIENTOS E INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS BÁSICOS EN LAS REDES VIARIAS, DE SANEAMIENTO, ALUMBRADO Y TELECOMUNICACIONES | 72.198,28 € | 11.551,72 € | 83.750,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |
| GENERAL | DOTACIÓN DE SEÑALIZACIÓN Y PROMOCIÓN TURÍSTICA | DESTINADAS A LA PROMOCIÓN DEL TURISMO | 51.724,14 € | 8.275,86 € | 60.000,00 € | PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD |

| | | | |
|-------------------|-----------------------|---------------------|-----------------------|
| SUMA TOTAL | 2.396.360,34 € | 383.417,66 € | 2.779.778,00 € |
|-------------------|-----------------------|---------------------|-----------------------|

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao Servizo de Contratación, así como a D. Santiago Meitín Míguez, Arquitecto, para a aportación das memorias e demáis documentación preceptiva esixida no R.D.L 8/2008, de 28 de novembro para a aprobación da solicitude a instar ante o MAP, antes do día 24 de xaneiro de 2009.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de Contratación Urbanismo para a súa tramitación.

6º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE “REDACCIÓN DO PLANEAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIVEIRO” Á EMPRESA OTEA PLANES Y PROYECTOS, S.L.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Melchor Roel Rivas outórgase o uso da palabra ao voceiro do P.S. de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor que indica que no informe do Interventor este fai unhas observacións entre as que indica que unha vez feita a adxudicación provisional hai que darlle publicidade e constituír polo adxudicatario a garantía definitiva.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias que formula pregunta sobre a expresión que figura no informe de Intervención que entre paréntese fai constar “Contrato SARA”.

Pola Secretaria da Corporación, Dª. Sara Martínez Álvarez, respóstase que a denominación non fai referencia ao nome propio da Secretaria municipal, senón ás siglas do Sistema Armonizado que recolle a Lei de Contratos do Sector Público para os contratos que cómpre licitar a través do Diario Oficial da Unión Europea.

Continuando na súa intervención o Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, que sinala que o importante é que se adxudique o PXOM de Ordenación Municipal para que o Concello de Viveiro poida continuar sendo punteiro en actuacións no seu territorio, non so polo que se refire á actividade de construcción de vivendas; rogando celeridade na tramitación para que á maior brevidade se poida contar con este instrumento, dada a importancia e transcendencia que ten para Viveiro.

Polo concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta indícase que vai votar a favor.

Polo concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño sinálase que esta é a primeira pedra de algo moi importante, e que ata agora todo foi perder o tempo, e que por fin chegará a ter un Plan Xeral Viveiro.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar provisionalmente o contrato de “Redacción do Planeamento Xeral do Concello de Viveiro” á empresa “OTEA Planes y Proyectos, S.L.”, con CIF: B-27356021, e enderezo na Praza Comandante Manso, nº 1-1º, Lugo, de conformidade coa proposta que figura na Acta da Mesa de Contratación de Apertura de Proposicións levada a cabo o día 25 de novembro de 2008, con arreglo ás seguintes características:

- Nº Expediente: CT 2008/9
- Forma de adxudicación: Procedemento aberto.
- Orzamento: 267.102 euros.
- Prezo de adxudicación: 252.411, 39 euros.
- Prazo: 18 meses.
- Garantía definitiva: 5%

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao Servizo de Contratación para a tramitación que cómpre levar a cabo, de conformidade co dispuesto no Prego de prescripcións administrativas e a Lei de Contratos do Sector Público, e a notificación ao adxudicatario, así como ao resto dos licitadores.

Igualmente, dáse traslado do presente acordo ao departamento de Intervención.

7º.- APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE DIVERSOS GASTOS.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, se outorga o uso da palabra ao Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que sinala que o asunto se dictaminou favorablemente coa abstención do PP e BNG na sesión celebrada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda, o día dezanove de decembro, insistindo no que manifestou nesa Sesión: que é de recibo dí pagar os traballos que se encargan.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que no fondo da cuestión da abstención do seu grupo late o problema de que segundo os informes de Intervención, que indica que por falta de tempo non pode proceder á súa fiscalización, fanse unha serie de advertencias. Que se cambian facturas de Partida sen acreditar, que corresponden a exercizos pechados, pois non concorda coa Partida. Que si o Sr. Interventor non sabe a que ano corresponde non o vai saber o seu Grupo político. Que tampouco o Interventor dí porque non se pode aboar a factura a CESPA, que dí que informou desfavorablemente o contrato; pero si eso é así pregunta, ¿porque non fai constar o informe desfavorable?. Por todo iso dí consideran que se deben abster, sen poñer obxección ao principio de que o que fai traballos ten que cobralos.

O Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta dí que se vai a abster polas razóns manifestadas na Comisión Informativa de Economía e Facenda.

O Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí que vai votar a favor da aprobación do punto; indicando que lle chama a atención que o Voceiro do PP se absteña polo Informe do Interventor, que igualmente cuestiona, o que non lle parece de recibo pois todos se atopan de acordo que o Informe do Interventor non hai por donde collelo,

Por alusións, o Voceiro do PP, Sr. Lel Arias dí ao Concelleiro de IU-EU que lle lembra que o PP non goberna o Concello. Que el non califica o Informe do Interventor. Que soamente fai referencia ás incongruencias. Que o Interventor debería aclarárlas para que modificara o seu voto

O Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas dí que é o Interventor o que debería atoparse na Sesión. Que a esta hora non constan as razóns da súa ausencia. Que este funcionario fai unhas advertencias que non reparan o acordo ainda que poñan obxeccións ao mesmo. Que é o Interventor o que ten que clarificar o que consta nos informes. Que é o segundo Pleno ao que non asiste e que non xustifica as ausencias, como tampouco asiste, dí, ás Xuntas de Goberno ás que se convoca e ás que é obligatoria a súa asistencia. Manifesta que será o MAP o que determinará as medidas a tomar.

Finalmente indica que na presente data se asinou o Préstamo con Caixa Galicia que dí manativo as condicións dese crédito.

Ante unha petición de nova intervención do Voceiro do PS de G-PSOE, Sr. Fernández Amor, que insiste co motivo dí de enriquecer o debate, polo Sr. alcalde se denega sinalando que se proceda a efectuar a votación.

Obrando no expediente informe emitido polo Sr. Interventor municipal que, textualmente, dí:

“INFORME DE INTERVENCIÓN.

ASUNTO: RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE DIVERSOS GASTOS.

HECHOS.

El día 17 de DICIEMBRE de 2008 se recibe relación contable de facturas para su aprobación por el Pleno a través de reconocimiento extrajudicial de créditos en Pleno de 22 de diciembre de 2008 .

FUNDAMENTOS JURÍDICOS.

TRLRHL 2/2004

Artículo 173.5

No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresa norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar.

RD. 500/1990 :

Artículo 60.

2. Correspondrá al pleno de la entidad el reconocimiento extrajudicial de créditos, **siempre que no exista dotación presupuestaria**, operaciones especiales de crédito, o concesiones de quita y espera.

Base 23 de las Bases de ejecución del Presupuesto del 2004.

BASE 23. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITOS

O Pleno é o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de créditos de conformidade co disposto nos artigos 26.2, c) e 60.2 do R.D. 500/90 de 20 de abril

O procedemento axustaráse aos seguintes trámites:

1. Proposta do Alcalde ou Concelleiro delegado correspondente, na que se indicará o motivo polo que o gasto non foi aprobado no exercicio no que se produciu.
2. Informe da Intervención Municipal
3. Dictame da Comisión de Facenda.
4. Aprobación polo Pleno da Corporación

Ley de Contratos del Sector Público (Ley 30/2007).

.

CONCLUSIONES.

Una vez justificada la realización del gasto y con la conformidad municipal , procede acudir al reconocimiento extrajudicial de créditos , para evitar el enriquecimiento injusto de la Administración . Se trata de esta manera de que se indemnice al contratista por los gastos que le encomendó la Administración. Al ser nulo el gasto por haberse realizado sin crédito, se estima procedente acudir al reconocimiento extrajudicial de créditos. En este sentido ya el artículo 65 del Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas dice que la nulidad del contrato supondrá la obligación de indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios sufridos. Estos daños y perjuicios podrían valorarse en la cuantía de las facturas presentadas.



Se recuerda lo dicho por el Consello de Contas:

“ Recomendase que o Concello adopte as medidas oportunas destinadas a cumplir a normativa orzamentaria, contable e de contratación, infraccións implícitas nos recoñecementos extraxudiciais de crédito, reforzando a Intervención municipal, así como unha contención nos gastos e axuste dos mesmos ás limitacións cuantitativas e cualitativas dos créditos orzamentarios”.

Principales deficiencias detectadas:

Es necesario que se acompañe al expediente de reconocimiento extrajudicial de propuesta del alcalde o concejal delegado en el que se indique el motivo por el que el gasto no fue aprobado en el ejercicio en que se produjo.

En relación con el examen de dichas facturas no se facilita el tiempo necesario para su examen por lo que la propuesta al Pleno carece de la fiscalización previa prevista en el artículo 214.2 del TRLRHL (RDL 2/2004) por el tiempo necesario mínimo.

El 29 de octubre de 2008 se acordó , por la Alcaldía, la adjudicación del contrato de la operación de crédito a largo plazo prevista presupuestariamente , a la entidad Caixa Galicia y dar cuenta de tal resolución al Pleno.

